

ACTA XUNTANZA CONSELLO CAMPUS PONTEVEDRA

Lugar: videoconferencia Campus Remoto da Uvigo: Sala 15 de Reitoría (Vice. Campus PO)

Data: 7 de xullo de 2020

Hora de comezo: 10:00 h **Hora**

de remate: 12:20 h

Presidente: Manuel Joaquín Reigosa Roger

Asistentes: Manuel Joaquín Reigosa Roger, Jorge Soto Carballo, Xosé Manuel Buxán Bran, Marcos Dopico Castro, Ana Belén Fernández Souto, Eva M^a Lantarón Caeiro, Álvaro Xosé López Mira, Lucrecia M^a López Rubianes, Purificación Marcet Miramontes, Carlos Mollinedo Lois, Juan Picos Martín, e Sara M^a Torres Outón. Tamén intervén a vicerreitora de Comunicación e Relacións Institucionais, Mónica Valderrama e o vicerreitor de Economía José María Martín Moreno.

Excusan asistencia: Ana Belén Fernández Souto e Vicente Romo Pérez.

1. Aprobación da acta da sesión anterior (28.05.2020)

A acta queda pendente de aprobación por un erro advertido polo profesor Álvaro Xosé López Mira. Indica que na exposición do reitor (punto 1) o nome da titulación referida debe ser Grao en Dirección e Xestión Pública. Este erro repítese por tres veces na intervención do vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado (punto 4) no que a abreviatura XAP debe ser corrixada polo nome correcto da titulación: Grao en Dirección e Xestión Pública. Jorge Soto agradece esta aclaración e indica que se procederá a realizar as oportunas modificacións.

2. Informe do Reitor

O reitor comeza a súa intervención facendo un balance das medidas que a crise da covid-19 e a suspensión da actividade docente presencial obrigaron a tomar nos últimos meses. Salienta a posta en marcha do Campus Remoto, “un xemelgo virtual” da institución académica, que en palabras do propio Reigosa fíxose “nun tempo record”. Esta solución baseada nunha aplicación de código aberto (bigbluebutton) permitiu a “clonación” nun espazo virtual de 35 edificios e 1400 aulas. Esta medida, indica o reitor, é “absolutamente única dentro das universidades españolas” e establece a base para o desenvolvemento dun sistema mixto de docencia en caso de necesidade. Continúa o reitor valorando a “solución” achegada ao alumnado con problemas de conexión a internet. Mostra unha comparativa coas medidas a nivel estatal na que a solución da Uvigo desde o punto de vista técnico é “bastante mellor” que as do resto de universidades españolas. Indica que a Uvigo aportou máis de 400 wifis, e 50 ordenadores portátiles ao alumnado. Continúa o reitor indicando que a Uvigo tamén destaca no referido a bolsas específicas covid-19 e outras axudas. Indica que se destinaron 150.000,00€ en bolsas e a “non suspensión de dereitos por impago”.

O reitor aludiu ás negociacións “bastante avanzadas” coa representación do PDI sobre as medidas de conciliación para o curso 2020/2021 e as referidas á “funcionarización” do PAS laboral. Tamén sinalou os traballos que se veñen realizando de cara a aprobación dunha nova RPT.

Segue a intervención do reitor coa exposición dos posibles escenarios aos que a Uvigo ten que afrontar no vindeiro curso académico e salienta que prevalecerá a docencia presencial (subliña neste senso que o Consello de Goberno aprobou a semana pasada que 10 graos e 24 mestrados arrincarán o vindeiro curso dun xeito “totalmente presencial”), pero dependendo das necesidades de cada centro, onde non se poida impartir a modalidade presencial optarase por un modelo mixto no que o alumnado poida seguir as clases tanto desde as aulas como desde as súas casas. Para isto, explica que se traballa na posta en marcha do Campus Integra que permitirá o desenvolvemento dunha docencia mixta.

Esta docencia mixta, implica uns “gastos moi importantes que non se poden asumir con cargo os orzamentos da institución”, polo que fai fincapé nas negociacións postas en marcha tanto coa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional como co Ministerio de Universidades. O reitor mostrouse ilusionado coa sintonía recibida por estas institucións e espera recibir as axudas necesarias que permitan dotar as aulas e aos docentes dos equipos necesarios,

desenvolver un plan formativo do PDI en competencias dixitais ou garantir a eliminación da “fenda dixital” entre o alumnado.

3.- Informe do vicerreitor do Campus de Pontevedra:

O vicerreitor toma a palabra dando as grazas a todos os membros a súa presenza nesta xuntanza. Resalta a participación do vicerreitor de Economía e da vicerreitora de Comunicación e Relacións Instiucional a quen lles da a benvida.

En primeiro lugar, continúa o vicerreitor, “quero agradecer todo o traballo realizado por Ana Belén Fernández Souto durante estes últimos catro anos ao fronte da Coordinación do Programa de Doutoramento en Creatividade e Innovación Social e Sostible” quen comunicou que deixa o seu posto. Indica o vicerreitor que a profesora e sudirectora da Escola de Exeñaría Forestal, Ángeles Cancela convértese na nova coordinadora.

Jorge Soto fai un balance dalgunha das iniciativas previstas no campus de Pontevedra para os vindeiros meses. En setembro “poremos en marcha” a Asociación Grupo de Consumo Responsable do campus de Pontevedra, formada por PAS, alumnado e PDI do campus. Este ano o Campus de Pontevedra non participará na Semana da Filosofía xa que a organización da mesma decidiu pospoñela para o ano 2021. Anuncia o vicerreitor a incorporación de novo Xestor de Investigación que xa está a traballar a pleno rendemento de quen fai fincapé no seu amplo currículo e experiencia nesta materia en distintos países da Unión Europea.

Esta semana, anunciaremos xunto con Concello de Pontevedra o programa de dinamización da lingua galega no campus que leva por nome “Falamos”.

No tocante a infraestruturas sinala o vicerreitor que estes días se está cambiando o mobiliario externo do campus o cal quedará rematado neste mes de xullo. Sinala o vicerreitor que van ser bancos e mesas para que a comunidade poida desfrutar do exterior do campus e non só do interior dos edificios. Indica que se trata dunha medida necesaria xa que o mobiliario exterior estaba moi deteriorado. Continúa o vicerreitor anunciando que se está a traballar na implantación dunha marquesiña no campus para que o alumnado, principalmente, poida esperar polo autobús resgardado da chuvia e outras inclemencias meteorolóxicas. Ata agora esta espera realizábase no hall de entrada da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.

Así mesmo informa o vicerreitor que en setembro faremos a inauguración do pantalán que xa está operativo pero a crise da Covid-19 impediuna. O mesmo ocorre co parque infantil da Escola Infantil do campus. Remata este apartado o vicerreitor indicando que en setembro publicárase a Revista internacional e Interdisciplinaria Crea.

Por ultimo indica o vicerreitor que estamos traballando na programación cultural do vindeiro curso, Acclara que xa comenzamos cos ciclos de cinema en colaboración co Teatro Principal de Pontevedra e nun proxecto de colaboración coa Facultade de Belas Artes e o Centro Galego de Arte Contemporánea.

3. Intervención do vicerreitor de Economía.

Toma a palabra José María Martín Moreno para facer un balance das medidas orzamentarias adoptadas polo actual equipo de goberno durante estes dous anos no cargo. Principia presentando como estaban as contas universitarias cando chegaron á reitoría en xuño de 2018, onde están na actualidade e cara onde, a situación actual, “nos vai permitir ir”. Salienta que se atoparon cunha universidade saneada e solvente pero con grandes desequilibrios sen os cales, indica o vicerreitor, “poderíamos ir máis rápido”. Fai referencia aos edificios do antigo reitorado na rúa Porto de Vigo, do edificio de Benito Corbal en Pontevedra así como de gastos orixinados por débedas co concello de Vigo respect ao imposto do IBI. Neste caso o vicerreitor explica en que momento se atopa este litixio da Uvigo e o Concello e menciona que “eu son partidario de pagar as débedas e logo acudir á xustiza” para así evitar en caso de derrota o pagamento de xuros. Explica as restructuracións orzamentarias que foi preciso acometer para levar a cabo as medidas presentadas no programa de goberno H204, sempre respectando o obxectivo de manter saneadas as contas da Universidade de Vigo. Entre estas

medidas detalla un balance das novas prazas de persoal creadas, na transformación das xa existentes, do “baleirado de bolsas de acreditados” entre o profesorado, do paso a un máximo de 280 horas de docencia anual e do cobro íntegro das pagas extras do PDI, do plus de responsabilidade do PAS, no pagamento íntegro das IT tanto do PAS como do PDI (desde setembro de 2018), así como a ampliación do período de apertura das bibliotecas nas vacacións de nadal. Todo isto tratando de cumprir na medida do posible “o noso programa electoral con eficiencia no gasto”. Remata a súa intervención o vicerreitor indicando que os gastos ocasionados pola Covid-19 van supoñer para a Universidade de Vigo un importe estimado de 700.000,00€.

Álvaro Xosé López Mira pregunta o vicerreitor se pola venda da sede da Uvigo da rúa Porto de Vigo a Universidade recibiu contía económica. O vicerreitor contesta decindo que é mellor que conteste o reitor. O señor Reigosa indica que si se recibiu contía económica que neste momento descoñece a contía, pero que esta está documentada polo que pode consultarse.

4. Intervención da vicerreitora de Comunicación e Relacións Institucionais.

Toma a palabra Mónica Valderrama para agradecer os asistentes a súa presenza logo de dúas horas de reunión.

Anuncia que con motivo da celebración das ABAU e da próxima apertura do período de matrícula para o vindeiro curso, a Universidade de Vigo estreará esta semana unha nova campaña comunicativa explicando aos asistentes o eixo central da mesma. Comenta a vicerreitora que “esta é unha oportunidade única para que as rapazas e rapaces que estes días se aproximan ás aulas universitarias coñezan de primeira man as nosas instalacións e para lembrarlles que, na Uvigo queremos que medren con nós”. Salienta que a diferenza do pasado no que o público obxecto da campaña era sobre todo o que estaba a piques de acceder á universidade, nesta ocasión a franxa de idade á que se dirixe baixa ata os 14 anos para que en palabras da propia vicerreitoría “a conexión se produza canto máis cedo mellor”.

Con respecto ao balance da metade da lexislatura, destacou o impulso que se lles deu ás redes sociais e as TIC para conectar co novo estudantado e promocionar as novas titulacións. Destaca tamén o desenvolvemento dun sistema de xestión de reputación nos medios sociais, a implantación de novas formas de foment da imaxe da Uvigo, a habilitación de canles e ferramentas de comunicación “inclusivas e democráticas” ou do propósito de “involucrar á cidadanía a través de actividades de divulgación e difusión”. Así mesmo tamén se referiu ás accións que neste apartado houbo que acometer debido á crise da Covid-19 co propósito de “crear unha imaxe de marca recoñecible” da institución a través da súa identidade corporativa xunto co desenvolvemento de actos de graduación virtuais.

Antes da rolda de intervencións, toma a palabra o vicerreitor do campus de Pontevedra. Jorge Soto agradece de novo a toda a súa asistencia e indica que coa intervención de Mónica Valderrama remata un ciclo de intervencións de todos os vicerreitores do equipo de Goberno nas xuntanzas do Consello de Campus.

5. Rolda de intervencións.

Neste apartado Carlos Mollinedo, formula unha queixa indicando que, como liberado sindical, solicitou un espazo para poder desempeñar as súas funcións como representante do PAS laboral. Indica que no seu momento se dirixiu a todos os decanos/as dos centros para ver se lle ofrecían un espazo pero que todos/as se negaron e recalca que o decano da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación de Pontevedra, lle contestou que o seu posto estaba na Biblioteca do campus. Xosé Baamonde di que el cría que se refería a un posto como traballador e non como representante sindical, pero que non ten problema en ofrecer un espazo para esta labor no seu centro. Jorge Soto di que el se encargará de que esta cuestión sexa resolta o máis axiña posible.

En sen máis asuntos que tratar remata a sesión na hora arriba indicada